

BIBLIOTECA DA CARACOLATOLA.
CEIP ALEXANDRE BÓVEDA. ANGORÉN .CHAPELA-
REDONDELA. PONTEVEDRA
COORDINADORA: LAURA GOLDAR VILLAR

LIÑAS XERAIS DA EXPOSICIÓN

POSIBLE TÍTULO:

“ DE CÓMO A BIBLIOTECA VAI CAENDO NO CURRÍCULO
OU VICEVERSA”

A nosa exposición centrarase arredor de varios eixes , os mesmos que van conformando a nosa actividade diaria escolar e que fixeron e fan que esteamos neste punto onde a biblioteca é o espazo dinamizador da escola.

En primeiro lugar, falaremos dos pactos que tivemos que ir facendo, derrubando unhas tradicións para construír outras realidades, como a poción máxica que necesitamos beber de cando en vez para ir avanzando e conquistando terreos.

En segundo lugar exporemos polo miúdo o labor que realiza E. Infantil con respecto á biblioteca e a súa integración no currículo nun camiño de ida e volta e a importancia que damos dende a biblioteca “ a outros xeitos de ler” , sentando as bases do fomento á lectura dende a primeira incorporación á escola.

A importancia que lle damos ás familias como “ axentes” na animación á lectura formará parte do terceiro bloque, citando algunhas das actividades que forman xa parte das tradicións do centro.

No seguinte apartado referirémonos aos diferentes aspectos que están asentados na escola, (proxectos integrados, hora de ler, mochilas, hora de biblioteca, formación de usuarios, relación coas bibliotecas do entorno...) e aos que están en vías de consolidarse e , por último, non esqueceremos unha pequena avaliación sobre os atrancos e obstáculos que tentamos superar a cotío para reforzar a presenza da biblioteca na nosa comunidade escolar.